

ACTA DE REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Convocada en tempo e forma, o día **18 de febreiro de 2023**, sendo ás 12:30 horas, reúnese de xeito presencial no Centro de contención C.G. SPrint 2023 (Vigo) e mediante videoconferencia a Xunta Directiva da Federación Galega de Orientación (FEGADO) coa seguinte orde do día:

Orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación da acta da reunión anterior do 12 de xaneiro de 2023
- 2.- Enmenda á redación do canon de 50 euros e 100 euros recollida na acta da Xunta Directiva de decembro de 2022
- 3.- Reparto diñeiro por modalidade
- 4.- Roupas da Federación
- 5.- Redación e entrega da documentación esixida á Secretaría Xeral do Deporte
- 6.- O-pé
- 7.- Rogos e preguntas.

Asistentes/Ausentes:

Nome e apelidos	Cargo	Presente	Ausente
Sonia Gómez Naya (Compás)	Presidenta	X	
Claudia Oreiro Chapela (Gallaecia)	Vicepresidenta	X	
Roberto Amarelle Garabán (Compás)	Secretario	X	
Francisco J. Antoñón Clemente (CD Arnela)	Tesoureiro	X	
Pablo Adrián Aller Estévez (Trevinca)	Responsable O-pé	X	
José Antonio Ricoy Bugarín (Aromón)	Responsable Trail-O	X	
José Cabaleiro Vila (BudiñoRaid)	Responsable MTBO	X	
Jorge Piñeiro Portela (Ártabros)	Responsable Dirección Técnica	X	
María Piñeiro Varela (Ártabros)	Responsable de Comunicacións		X
Candela Puime López (VigOrienta)	Responsable de Deporte escolar		X
Manuel Pedre Vázquez (Gallaecia)	Responsable Raids		X

1.- Lectura e aprobación das acta de reunión do 12 de xaneiro de 2023

A Presidenta da FEGADO, Sonia Gómez Naya, toma a palabra dando a benvida aos presentes. A continuación fai un resumo da acta de reunión do 12 de xaneiro de 2023 sendo aprobada por unanimidade dos presentes.

2.- Enmenda á redacción do canon de 50 euros e 100 euros recollida na acta da Xunta Directiva de decembro de 2022.

Toma a palabra a presidenta para indicar que na acta da Xunta Directiva de decembro de 2022 aparece recollido que o canon de alugueiro do material FEGADO para as probas oficiais é de 50 euros e para as probas non oficiais é de 100 euros. Porén ata este momento, para a organización das probas do Campionato Escolar non se lle cobraba nada en concepto de alugueiro aos Clubs Organizadores. A presidenta cuestiona se é necesario comezar a cobrar ese material. Intervén Jorge Piñeiro para indicar que os campionatos escolares inclúense dentro do que son as probas Oficiais Universitarias e Escolares polo que estarían dentro dun limbo en relación ao tipo de canon a aplicar.

Tras un intercambio de opinións entre os membros da Xunta Directiva conclúese que é necesario seguir traballando neste punto para levalo á Asamblea do mes de xuño para que sexa a propia Asamblea a que decida que tpo de canon se establece.

3.- Reparto de diñeiro por modalidade

Comeza a Presidenta indicando que ata este momento cada modalidade ou especialidade de orientación viña recibindo 500 euros para a organización de tecnificacións. Pregunta se se continúa mantendo esta asignación ou é necesario modificala. A Xunta Directiva chega a conclusión de que se manteña esa mesma cantidade pero coa condición de ser flexibles, é dicir, se unha das especialidades non gasta ese diñeiro, que se poida reasignar a outra das especialidades.

Intervén o tesoureiro para indicar que FEGADO debe comezar a manter reunións coas distintas Administracións para poder negociar un maior número de subencións ou axudas económicas co fin de favorecer a promoción do deporte de orientación entre a cidadanía.

4.- Roup da Federación.

A Presidenta indica que xa se pediron as camisetas da Federación Galega de Orientación para poderllas vender a aqueles/as corredores/as que así o soliciten. Cada unha destas camisetas da Federación venderanse a un prezo de 10 euros cada unha. Con estas vendas trátase deste xeito de conseguir unha serie de ingresos extra para a propia Federación.

Por outro lado indica que xa é necesario ir encargado a roupa para os/as corredores/as da Selección Galega de Orientación. Lembra que os gastos desta roupa son financiados pola Secretaría Xeral do Deporte.

Ademais, indica que co fin de favorecer o desenvolvemento sostible e a economía circular sería preciso recoller toda aquelas pezas de roupa da selección galega de anos anteriores e poñela a disposición de familias da Federación por se as precisan.

5.- Redación e entrega da documentación esixida á Secretaría Xeral do Deporte.

A Presidenta indica que durante este mes de febreiro é necesario entregar na Secretaría Xeral do Deporte unha serie de documentos do ano 2022 como son: a certificación da secretaría das diferentes reunións de goberno e a listaxe de clubs que non realizaron ningunha actividade federativa nos últimos 4 anos.

A certificación da secretaría das diferentes reunións de goberno xa foi enviada quedando pendente de enviar a listaxe de clubs que non realizaron ningunha actividade federativa nos últimos 4 anos.

Aproveita a Presidenta para indicar que lle vai propor á nova asesoría da Federación que se encargue de redactar o anexo VII (presuposto do ano 2022) xa que a asesoría da Xunta Directiva anterior aínda non a fixo.

6.- O-pé.

Toma a palabra Pablo Aller para indicar que é necesario organizar unha tecnificación de nenos/as de cara ao Campionato Ibérico xa que a tecnificación que estaba prevista realizar xunto a Rafa Lima non vai ser posible. Valora poder realizar esa tecnificación nos montes de Oia pero indica que quere organizala xunto a Jorge Piñeiro. Engade que de cara ao CEO tamén se realizará unha tecnificación en Semana Santa (posiblemente os días 6 e 7 de abril) e que falará co club Aromón por se é posible empregar como tecnificación os propios adestramentos internos que este club ten programados.

7.- Rogos e preguntas.

Toma a palabra o secretario para indicar en que estado se atopan as mesas de traballo dos diferentes clubs de cara a tratar e levar temas ás asambleas de xuño e decembro (por exemplo, para establecer criterios de cara a elaboración do calendario das diferentes probas). Responde Jorge Piñeiro que se van constituir de inmediato pero que para iso vai pedir a colaboración de Francisco Varela.

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por rematada esta reunión ordinaria da Xunta Directiva da FEGADO sendo ás 14:00 horas, e da cal eu coma Secretario dou fe.

Vigo, 19 de febreiro de 2023.

O Secretario

Roberto Amarelle Garabán

A Presidenta

Sonia Gómez Naya